



CIRCULAR INICIO TEMPADA 2024/25

O día 3 de setembro comeza a tempada 2024/2025 de Xogade e queremos dar a benvida a un novo curso.

Neste correo hai información relevante sobre varios temas polo que, coa fin de axilizar a lectura, organizamos a información en bloques.

Recordamos a **IMPORTANCIA** de ler e transmitir a todo o persoal da entidade, a todas as familias de deportistas e, chegada certa idade, a todos os deportistas esta información para o mellor funcionamento da tempada.

1) UNIFICACIÓN DA PÁXINA E A APLICACIÓN DE XOGADE.

Ata o de agora a información sobre o Xogade tiña unha páxina web xogade.xunta.gal e unha aplicación inscripcion-xogade.xunta.gal

En breve unificaremos toda a información no enderezo xogade.xunta.gal

2) O SEGURO

2.1.- O 28 de decembro remata o contrato coa compañía aseguradora actual. Por favor, estean atentos aos posibles cambios no caso de cambio de mutua.

2.2.- O Protocolo e a Póliza son información de acceso público tanto na web de Xogade (xogade.xunta.gal) como na portada da aplicación de inscricións (<https://inscripcion-xogade.xunta.gal>)

É fundamental que todo o persoal da entidade, todas as familias dos deportistas e, chegada certa idade, todos os deportistas coñezan esta información. Para isto recomendamos imprimir os carnés de Xogade, xa que teñen na traseira o resumo do protocolo do seguro.

2.3.- O Protocolo é de obrigado cumprimento e, en caso contrario a compañía aseguradora informará da denegación da atención. A aseguradora non ten obriga de asumir asistencias no SERGAS se non se trata de Urgencia Vital ou derivacións da propia aseguradora o mesmo que pode denegar asistencia por incumprimento do protocolo deixando á familia sen cobertura e incluso obrigar a asumir os gastos ocasionados.

Lembramos algúns aspectos aos que deben prestar atención para evitar incumprimento do protocolo que unicamente serían aceptados en caso de urxencia vital :

- a comunicación do accidente é previa á asistencia sanitaria,
- é potestade da aseguradora decidir onde vai ser atendido un deportista,
- o prazo para comunicar e certificar un accidente é de 7 días desde a lesión

A parte de que o protocolo marque estas condicións como de obrigado cumprimento é importante pensar que na chamada de comunicación do



accidente, en función do que se describa, nos derivarán a un centro ou a outro, podendo incluso empezar a atención xa directamente cun especialista.

Respecto das **altas médicas** queremos lembrar que estas deben ser comunicadas á aseguradora e que non se contempla a alta voluntaria. O que si existe é unha alta parcial ou para a incorporación progresiva á práctica e comprobar a recuperación.

Entendan que a aseguradora traballa en función do que os facultativos escriben nos informes. A información oral dada en consulta non é valorable pola aseguradora.

3) ACTIVIDADE DEPORTIVA ESCOLAR

- Buscarase facilitar na medida do posible a participación de toda persoa, atendendo á diversidade funcional. Non dubiden en contactar coas ADE ou cos Servizos para comentar as súas necesidades.
- Cando inscriban deportistas lembren que poden vincular os rexistros de anos anteriores (unha vez creados os equipos). Agradecemos que, sempre que sexa posible, cubran o campo NIF/NIE para evitar duplicidades na base de datos.
- Lembren informar ás familias de todo o exposto no apartado 1 deste documento.
- Centros educativos. Teñen dispoñible un informe no XADE para cargar deportistas en Xogade. AL085 Xogade. En breve colgaremos instrucións específicas no bloque de axudas sobre como utilizalo. Os equipos directivos deben incorporar ese informe ao perfil do profesorado. Só verá ese informe o profesorado con grupos de Educación Física asignados. O alumnado terá que ter marcado que acepta estar en Xogade (hai un documento de autorización elaborado pola Consellería de Educación) para que apareza neste informe.

4) ACTIVIDADE DEPORTIVA FEDERADA

- Asegúrense de ter acceso á aplicación (o contrasinal caduca cada 4 meses pero pode recuperarse na portada). Recomendamos que cada entidade teña máis dun usuario para evitar quedar sen acceso.
- Asegúrense de ter acceso aos datos de deportistas federados de cada federación. Teñen as instrucións no Menú Inicio, Bloque de Axudas, Documento Acceso aos datos de deportistas federados.
- Comproben que están todos os seus deportistas mutualizados e que os datos son correctos, se pode ser co NIF/NIE mellor.